

NOTA DE PRENSA EMBARGADA ATA AS 22:00 HORAS

OS ALCALDABLES DE SAVIÑAO E POBRA DO BROLLÓN APOSTAN POR UNHA ATENCIÓN AXEITADA E DE CALIDADE AOS MAIORES, INCLUÍNDO NO SEU PROGRAMA A CONSTRUCCIÓN DUNHA RESIDENCIA E CENTRO DE DÍA

Celestino Rodríguez e Javier González solicitaron en sendos mítines celebrados nestes municipios o apoios dos cidadáns porque “os socialistas somos os únicos que temos unha alternativa real de goberno, con ideas e propostas executables”

Arroupado por Lara Méndez, Rodríguez trasladou aos cidadáns que “un Saviñao mellor é posible”. Para iso, aposta por unha administración “seria, transparente, participativa, escrupulosa co gasto e por unha redución drástica das dedicacións exclusivas”, ademais de por políticas que permitan a creación de emprego e o impulso do rural

O candidato de Pobra do Brollón, que estivo respaldado tamén pola vicepresidenta segunda da Deputación e por Vicente Docasar, manifestou publicamente que o seu principal obxectivo é “facer deste concello un espazo que medre e sexa referente para outras zonas do interior de Galicia”

O Saviñao e Pobra do Brollón, 20 de maio de 2015.- Os candidatos á alcaldía de O Saviñao e Pobra do Brollón –Celestino Rodríguez e Javier González, respectivamente- solicitaron en sendos mítines celebrados nestes municipios o apoios dos cidadáns porque “os socialistas somos os únicos que temos unha alternativa real de goberno, con ideas e propostas executables”. Deste xeito, os dous alcaldables comparten no seu programa de gobernabilidade o compromiso de prestar unha atención de calidade e axeitada a un importante sector da poboación, como son os maiores, a través da construción dunha residencia da terceira idade e centro de día.

Concretamente, Celestino Rodríguez, que estivo arroupado pola vicepresidenta segunda da Deputación –Lara Méndez- e polo número cinco da candidatura –José Quiroga- trasladou aos cidadáns que “un Saviñao mellor é posible”. Para iso, aposta por unha administración “seria, transparente, participativa, escrupulosa co gasto e por unha redución drástica das dedicacións exclusivas”.

O emprego será tamén outro dos principais eixos de actuación do socialista, de aí que no seu programa inclúa un plan de emprego integral con especial atención á captación de empresas, ademais da posta en marcha de obradoiros “realmente útiles” coa formación e posterior inserción laboral. Asemade, dentro do apoio ao medio rural, impulsará a construción dunha oficina de asesoramento e axuda agrogandeira, ademais da creación dun punto limpo a tempo completo para erradicar os vertedoiros incontrolados, e pola protección integral dos espazos de interese natural do municipio, entre outras medidas.

Deste xeito, a vicepresidenta segunda do organismo provincial non dubidou en amosar o seu apoio ao candidato, pois “os veciños do Saviñao merecen un goberno moderno, transparente e con iniciativa, como o que lle ofrece a candidatura do PSdeG e como o que goberna na Deputación de Lugo, que, con nós, pasou de ser pechada, clientelar, anticuada e mesmo rancia, a ser hoxe unha institución moderna, aberta, pioneira e útil para todos os



lucenses". De feito, na actualidade, engadiu, "é a sexta Deputación máis transparente de toda España", e marca o camiño na mellora da calidade democrática coa elaboración dos Orzamentos Participativos, os primeiros dunha institución provincial no país, e na defensa dos traballadores, coa implantación das cláusulas sociais que blindan os dereitos sociolaborais.

"Zona referente no interior de Galicia"

Pola súa banda, o candidato de Pobra do Brollón manifestou publicamente que o seu principal obxectivo é "facer deste concello un espazo que medre e sexa referente para outras zonas do interior de Galicia". Para elo, Javier González compromete a creación dunha cooperativa municipal de traballos agrogandeiros e forestais, xa que estes sectores son os principais piares nos que asenta a economía local. Non obstante, e co fin de potenciar o Camiño de Inverno, inclúe no seu programa a construción dun albergue municipal, ademais dunha clara aposta por mellorar servizos básicos como traídas de auga, locais sociais, alumeados públicos ou vías de comunicación.

González estivo arroupado por Vicente Docasar e por Lara Méndez. Na súa intervención o deputado autonómico expresou ao alcaldable o seu "firme compromiso para loitar pola recuperación da praza do médico escamoteada polo Goberno de Feijóo", ao tempo que destacou que "necesitamos un golpe de timón e iso só pode vir da man dos socialistas, da man de Javier", precisou o voceiro de Educación no Parlamento.

"Eu escoito estes días a Feijóo dicir que quere o voto da xente moderada en Galicia, pero esquece dicir que ese voto moderado que algunha vez confiou nel de boa fe, agora non o pode nin ver polas súas políticas dañinas contra a xente do común". Deste xeito, Docasar rematou as súa intervención ironizando sobre a capacidade de xestión do presidente da Xunta, pois o titular autonómico foi quen de triplicar en seis anos a débeda de Galicia, pasando de 3.000 millóns de euros en 2009 a preto de 10.000 en 2015, e púxo a en comparación coa xestión levada a cabo por Besteiro na Deputación, que herdou do PP unha débeda de 120 millóns de euros en 2007 e conseguiu levala a cero neste exercicio.

No mesmo senso, a vicepresidenta segunda da Deputación subliñou que "os veciños ven día a día a ilusión, dinamismo e capacidade de traballo dos socialistas na Pobra do Brollón, que seguro se verán recompensados cunha maioría suficiente para sacar adiante un proxecto de goberno que faga deste un concello moderno, atractivo e produtivo".

"No PSdeG sabemos como facelo, e así o demostramos na Deputación, onde compatibilizamos unha boa xestión das contas públicas coa creación de emprego, o mantemento dos servizos sociais e a posta en marcha de proxectos cun importante retorno económico, como o primeiro centro público de recría de España ou a rede provincial de residencias e centros de día públicos para a terceira idade", afirmou Lara Méndez.

